

A PESCA NO COMEZO DO S. XXI

Ten caído en desuso, por non funcional, a consideración da actividade pesqueira como primaria. Só unha pequenísima parte da dita actividade conservaría hoxe tal carácter. A pesca, como actividade económica, abrangue un conxunto de procesos que van desde o extractivo ata o comercializador, pasando polo cultivo, transformación (conserva e novos transformados), así como todas as actividades económicas que son imprescindíbeis para pescar e comercializar, desde a investigación en novos recursos vivos mariños –tan útiles hoxe na industria farmacéutica– ata a investigación en tecnoloxía de alimentos e mesmo a investigación en tecnoloxía aplicada ao transporte mariño, terrestre e aéreo que son parte e pulo da actividade pesqueira.

Galicia ten un lugar preponderante na pesca comunitaria e hoxe pódese dicir que se a globalización é unha tendencia que invade todas as relacións económicas, o sector pesqueiro galego é un caso paradigmático.

Presentamos este novo número monográfico co título de *O sector pesqueiro: presente e perspectivas* para achegar a análise que os investigadores realizan sobre as condicións de desenvolvemento económico do sector pesqueiro. Ademais, a modo dual, os artigos acompañanse de notas breves que son a expresión dos actores directamente involucrados na xestión económica e política da actividade pesqueira.

A natureza do recurso pesqueiro, aínda nunha gran parte obxecto de captura, fai indispensable o achegamento ao recurso nunha perspectiva, en primeiro lugar, biolóxica e, en segundo lugar, de regulamentación baixo o obxectivo de sustentabilidade. Neste primeiro enfoque encádranse os tres primeiros artigos.

No artigo “A sustentabilidade dos recursos pesqueiros en termos biolóxicos”, González-Garcés incide nos instrumentos de xestión que desde unha perspectiva biolóxica se empregan para determinar o estado dos recursos pesqueiros, coa finalidade de garantir a súa conservación.

As distintas alternativas existentes á hora de incorporar novas fontes de coñecemento que contribúan á mellora dos resultados obtidos cos sistemas empregados na xestión das pesqueiras no marco da Unión Europea son postas de manifesto no artigo “A base do coñecemento na xestión das pesqueiras: o caso do sistema de mandato e control da Unión Europea”, de Martín Aranda, Arantza Murillas e Lorenzo Motos.

Por outra banda, o traballo “A sustentabilidade das pesqueiras: fundamentos teóricos e análise dentro do marco da política pesqueira comunitaria” de Sebastián Villasante e Adolfo Carballo Penela aborda os principios teóricos que cómpre incorporar nun modelo de desenvolvemento sustentable, evidenciando a necesidade de delimitar o contido, alcance e as implicacións dun novo modelo de xestión e de ordenación da pesca na Unión Europea, que permita a preservación dos recursos pesqueiros no longo prazo.

Achegámonos ao coñecemento da base produtiva do sector pesqueiro, entendida como un complexo pesca-comercialización-transformación, a través do instrumento analítico dunha táboa input-output. Ramón Franquesa pon de relevo no artigo “As táboas input-output da pesca e conserva galega, un instrumento de xestión útil e oportuno” a importancia desta análise, así como a súa utilidade para revelar o carácter industrial da actividade pesqueira.

As características específicas do traballo no sector pesqueiro son examinadas por X.M. Carril en “Algunhas das especificidades máis problemáticas do traballo no mar realizado a bordo de embarcacións pesqueiras”. Estas peculiaridades presentan problemas moi concretos que, xunto cos problemas estruturais do sector, impiden, aínda hoxe, falar con rigor de actividade pesqueira como traballo digno e humano.

No artigo “O traballo das mulleres no sector pesqueiro galego: análise dos problemas relacionados co seu tratamento estatístico” ponse de relevo a importancia socioeconómica do traballo das mulleres na pesca galega, así como o esforzo necesario na investigación económica para descubrir ese significado, dados os criterios de construción das fontes estatísticas.

Pedro Sálamo no artigo “España no comercio internacional/global dos produtos da pesca” analiza o significado da actividade comercial exterior española no capítulo pesqueiro e chega á conclusión de que hoxe é global o mercado pesqueiro, e que a economía española é escenario e parte protagonista dos intercambios a nivel mundial.

No mesmo escenario mundial e nas interaccións conserva-mercado de atún céntrase a análise de R. Núñez Gamallo “As empresas conserveiras e o mercado mundial do atún”. O exame do proceso de deslocalización produtiva sitúa a industria conserveira galega no mercado mundial con unidades de produción propias de rango multinacional.

É imposible abordar o coñecemento do sector pesqueiro desde a economía sen achegarse á regulamentación desta actividade. Actualmente, o máis relevante xestor da política económica pesqueira é comunitario, como é tamén o mercado; mesmo a política común da pesca é filla das grandes liñas e disposicións que no eido mundial se veñen realizando, ben sexa en organizacións rexionais de pesca, ben no ámbito de organizacións onternacionais (OMC/GATT, FAO...). Neste marco inscríbense as achegas de Marta Iglesias, F. González Laxe e Xavier Vázquez.

No primeiro dos artigos “A reforma da política pesqueira común e as súas implicacións para España”, Marta Iglesias Berlanga constata as dificultades presentes para a flota española, e polo tanto a galega, nun novo marco moito máis restritivo, tanto debido á relativa efectividade da PCP anterior á última reforma, como pola capacidade de crecemento continuo da pesca española. No aspecto de inspección e vixilancia da nova PCP insiste de maneira específica Xavier Vázquez, considerando esta como unha das actividades de maior empeño comunitario como garantía de cumprimento das normas de protección do recurso.

A reforma vén acompañada, tamén, do inicio dun debate sobre unha das propostas menos *comunitarizadoras*: semella que a nova regulamentación territorializa

determinadas pesqueiras, ao tempo que discrimina determinadas flotas. González Laxe no seu artigo reflexiona sobre estas cuestións e propón –no marco actual do sector pesqueiro mundializado– recomendacións que sirvan de guía para as futuras discusións entre os axentes de pesca españois.

O grao de decrecemento da pesca galega manifestouse tamén –nas últimas décadas– no aumento da súa capacidade para facerse presente con voz propia nos distintos ámbitos en que a toma de decisións de política económica afectase as condicións de desenvolvemento. Tamén no ámbito galego e español, tanto as asociacións profesionais como as institucionais desenvolven unha actividade de notable presenza. En notas breves, exprésanse desde distintas institucións, e con distinta capacidade de intervención, unha parte dos axentes representantes das institucións relevantes no devir da actividade pesqueira. Agradecemos moi especialmente as reflexións que a señora ministra nos achega sobre o *Libro branco da pesca*, entendido como un instrumento da competitividade do sector pesqueiro nunha senda de supervivencia no mercado mundial.

MARÍA DO CARME GARCÍA NEGRO / FERNANDO GONZÁLEZ LAXE
Coordinadores